

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que lles notifica para xeral coñecemento a tódalas persoas interesadas no procedemento e son emprazadas para que poidan comparecer e constituírse en parte en autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 1993.

Joaquín López-Rúa Soler
Director xeral da Función Pública

Resolución do 20 de decembro de 1993, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 01/0001915/1993, interposto por Margot Álvarez Míguez.

Con data do 1 de decembro de 1993, a Dirección Xeral da Función Pública recibe da Sala do Contencioso-Administrativo, sección primeira, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo nº 01/0001915/1993, interposto por Margot Álvarez Míguez, contra Orde do 21-12-1992, e contra desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra ela, sobre adxudicación de destinos no concurso da disposición transitoria 13ª da Lei 4/1988, convocado por Orde do 24-6-1991.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que lles notifica para xeral coñecemento a tódalas persoas interesadas no procedemento e son emprazadas para que poidan comparecer e constituírse en parte en autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 1993.

Joaquín López-Rúa Soler
Director xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de decembro de 1993 pola que se resolve a concesión das axudas para accións de apoio económico ós estudantes correspondentes ó anexo IV da Orde do 10 de marzo de 1993 (DOG do 25 de marzo).

A Orde do 10 de marzo de 1993 pola que se convocan axudas para accións de apoio económico ós estu-

diantes (DOG do 25 de marzo) prevé, entre outras, a seguinte acción:

—Anexo IV: Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para alumnos universitarios que rematen os estudos no ano 1993.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e cumpridos os trámites establecidos nas bases da convocatoria, procede, de acordo coas propostas formuladas pola comisión de selección prevista na base 6 do devandito anexo IV, resolve-la axuda de que se trata, para o que, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1º

Concederlle-los Premios Fin de Carreira ás persoas incluídas no anexo I.

Artigo 2º

O libramento da devandita bolsa farase en un só pagamento de acordo co que se establece no punto 8 do anexo IV á Orde do 10 de marzo de 1993, xa aludida.

Artigo 3º

A presente disposición pon fin á vía administrativa segundo o disposto no artigo 109 c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 1993.

Juan Piñeiro Permuo
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

PREMIOS FIN DE CARREIRA 1992-1993

Licenciatura:

* Filoloxía Inglesa.

Ricardo Bermúdez Otero. Universidade de Santiago de Compostela.

* Filoloxía Hispánica.

María José Tobar Quintanar. Universidade de Santiago de Compostela.

* Filoloxía Románica.

María Isabel González Rey. Universidade de Santiago de Compostela.

* Bioloxía.

Ignacio García González. Universidade de Santiago de Compostela.

* Xeografía e Historia. Sección historia.

Antonio Presedo Garazo. Universidade de Santiago de Compostela.

* Xeografía e Historia. Sección arte.

Francisco Prado Villar. Universidade de Santiago de Compostela.